



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A ELIMINACIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA DA CIDADE DE FERROL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a eliminación da simboloxía franquista da cidade de Ferrol.

Exposición de motivos

A sociedade española, pasados máis de 40 anos do fin da ditadura militar franquista e nos que se produciu un desenrolo democrático, está obrigada a recoñecer oficialmente as súas vítimas e a que se faga xustiza respecto á dura represión que padeceron.

Así mesmo, a experiencia de máis de 30 anos de exercicio democrático, permite abordar dun xeito maduro e aberto a relación coa nosa Memoria Democrática, tendo en conta que recuperar dita memoria é a forma máis firme de asentir o noso futuro de convivencia e paz social.

Defendemos a condición de vítima, con dereito a reparación xurídica, moral e económica, a todas as persoas e familiares directos que sufriron execucións, penas, sancións, detencións, torturas, exilios, desterros, depuracións, confiscacións, calquera perxuízo económico ou patrimonial e calquera outra forma de represión sufrida por persoas físicas

ou xurídicas, violación individual ou colectiva dos dereitos humanos fundamentais, xa que son manifestamente inxustas e contrarias aos Dereitos Humanos e ás liberdades que constitúen o fundamento do orden constitucional hoxe vixente e que son a base da convivencia da nosa sociedade.

Por iso, é imprescindible eliminar dunha vez por todas a simboloxía que convive con nós nos espazos públicos ou privados de uso público e que exalta os valores, símbolos ou personalidades vinculadas coa ditadura franquista.

A Ley de Memoria Histórica (Ley 52/2007 de 26 de diciembre) vixente ata que non se aprobe a nova Ley de Memoria Democrática, establece no seu artigo 15.1 que “as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura. Entre estas medidas poderase incluír a retirada de subvencións ou axudas públicas”.

Así mesmo, o artigo 15.2 recolle que “o goberno colaborará coas Comunidades Autónomas e as entidades locais na elaboración dun catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e á ditadura aos efectos previstos no parágrafo anterior”; e o artigo 15.3 establece as medidas sancionadoras en caso de incumprimento contemplando que “as administracións públicas poderán retirar subvención ou axudas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado 1 deste artigo”.

Gustaríanos tamén facer referencia a unha normativa galega neste eido, pero lamentablemente a nosa comunidade autónoma gobernada dende fai máis de 10 anos

por Alberto Nuñez Feijoo non amosou interese ningún en aprobar unha lexislación que aborde os compromisos de recoñecer e reparar ás vítimas da ditadura e eliminar da nosa sociedade os manifestos ao franquismo que aínda perduran.

Pola contra, si temos parte da sociedade implicada na reconstrución dunha sociedade que busca abolir a representación do franquismo dos espazos públicos e privados coma púxose de manifesto co requerimento formal que un colectivo de militares antifascistas presentaba ao goberno ou a carta remitida ao Ministerio de Defensa por un grupo de represaliados polo franquismo, manuscritos que solicitaban a eliminación de rueiros e simboloxía franquista dentro do Arsenal militar de Ferrol e que a Ministra Margarita Robles denegada alegando que dita nomenclatura lembra a membros da Armada e buques vinculados con Ferrol, resolvendo que non se vulnera a Ley de Memoria Histórica.

Polo que, e en virtude de todo o exposto, este grupo municipal de Ferrol en Común insta ao Pleno da Corporación a aprobar os seguintes ACORDOS:

1. No marco do recoñecemento ás vítimas, instamos ao goberno local a avanzar na construción do Monumento ás vítimas do franquismo, aprobado por unanimidade en anteriores Plenos e que xa conta cun traballo previo e ubicación.

2. No marco da eliminación da simboloxía franquista da nosa cidade, instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na retirada de títulos, distincións e homenaxes ás persoas arriba citadas, así coma a eliminación de toda simboloxía franquista da nosa cidade e o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura.

3. Por último, instamos ao goberno local a solicitar ao Ministerio de Defensa a rectificación con relación á resolución tomada en canto a non eliminar a simboloxía franquista no Arsenal de Ferrol.

Ferrol, 26 de abril de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común